




*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*



EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA
981 70 29 57
coruna@federaciongalegadecaza.com

FGC LUGO
982 25 49 96
lugo@federaciongalegadecaza.com

FGC OURENSE
988 22 16 20
ourense@federaciongalegadecaza.com

FGC PONTVEDRA
986 85 23 00
pontvedra@federaciongalegadecaza.com

FGC SANTIAGO
981 56 27 77
santiago@federaciongalegadecaza.com

V COPA FEDERACIÓN CANS DE PARADA SOBRE ARCEA

8 XANEIRO 2022

Muras (Lugo)

Organiza

 **Federación Galega de Caza**


 **XUNTA DE GALICIA**

 **DEPORTE GALEGO**

 **MUTUASPORT**

 **Ufedega**

Colabora

 **Sociedade de Cazadores**

O LANDRO

 **STOP VIOLENCIA XENERO**

COMITÉ ORGANIZADOR

DON JAVIER NOGUEIRA DIZ

Presidente da Federación Galega de Caza.

DON FRANCISCO LÓPEZ PENELA

Presidente da Federación Galega de Caza en Lugo.

DON ALBERTO PARDIÑO REIGOSA

Presidente da Sociedade de Cazadores O Landro

XURADO DE COMPETICIÓN

Designarase o mesmo día no lugar de competición.

DIRECTOR DA PROBA

DON JOSE MOURE CANEDA

XUÍCES

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC.

REGULAMENTO

A Copa Federación de Cans de Parada sobre Arcea rexeráse polo Regulamento de Cans de Parada da Federación Galega de Caza, e normas adicionais aplicables ás probas de cans de parada sobre arcea. Ademais da clasificación xeral outorgarase un premio ao mellor can menor de 24 meses.

Nas competicións organizadas pola Federación Galega de Caza, os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima; e naquelas nas que non se usen armas os participantes deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas equiparable ao Documento Único R.

A competición axustarase ó Protocolo Fisicovid da FGC, aprobado por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte con data 17/02/2021. A proba farase ao aire libre, sendo obrigatorio o uso da máscara.

COPA FEDERACIÓN DE CANS DE PARADA SOBRE ARCEA

8 de xaneiro de 2022

LUGAR : LU-10069 "Landro" Muras (Lugo)

8:00 horas.- Concentración e almorzo no BAR SANTI de Muras, Av. Unión Murense, 11, 27836 Muras, Lugo

8:30 horas .- Comezo da Competición.

15:00 horas Finalizada a proba procederáse a clausura e entrega de premios.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de quendas será o día 4 de xaneiro, ás 12 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

INSCRICIÓN

A inscrición será "libre" para calquera deportista federado pola FGC que reúna as condicións establecidas no presente Programa, e Regulamento da Federación Galega de Caza. As inscricións realizaranse na Federación Galega de Caza antes do 4 de xaneiro, non admitíndose inscricións posteriores.

Prezo de inscrición: 25 € primeiro can, 15 € segundo o can e 10€ os cans sucesivos, cantidade que se ingresará na conta bancaria da FGC nº ES59 2080-0393-74-3040000159 antes do día 4 de xaneiro. Máximo 24 cans.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.

*ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introducción e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estén a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.